



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



## XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 12 DE XUÑO DE 2021.

### ASISTENTES

#### PRESIDENTE DA F.G.M.

Adolfo Puch Domínguez

#### Árbitros

Domínguez Iglesias, Manuel

Leirós Gutiérrez, Raúl

#### Deportistas

Merino Encinas, Jose Miguel

Faro Fortes, José Luis

Maestu Almeida, Josefina

#### CLUBES

Clube Peña Trevinca Montañeiros de Galicia  
Club Montaña Ferrol  
Club Montañeiros Celtas  
Club Tevinca Barco  
Clube Montaña Ribeira Sacra  
Asociación Os Sendeiros de Foz

#### PRESIDENTE / REPRESENTANTE

Carlos Garrido Costas  
Luis Marcos Romero  
Federico Rodríguez Prieto  
José Miguel de la Cal González  
Xosé Antón Vázquez Pérez  
Roberto Morís Fernández

#### XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez  
Manuel Domínguez Iglesias  
Xán Ramírez Gómez  
José Manuel Pérez Prego  
Xosé Carlos Rodríguez Pérez

Tesoureiro  
Secretario Xeral e Vicepresidente  
Vogal de Marcha Nómada  
Director Técnico da F.G.M.  
Vocal de Refuxios e Montañismo

#### • Apertura da Asemblea.

As 10:30H. en segunda convocatoria, comeza a reunión dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvida ós asistentes agradecendo a súa asistencia nestes momentos complicados polo COVID.

#### • Lectura e aprobación, se procede, do acta anterior.

Dado que o acta anterior foi remitida coa convocatoria, pregúntase aos asistentes si se pasa a lectura da mesma e se procede a sometela a aprobación.

O acta da Asamblea anterior e aprobada por 12 votos a favor, 0 abstencións e 0 votos en contra.

#### • Resumen actividades deportivas do 2020

O Presidente Sr. Puch cede a palabra o Director Técnico Sr. Pérez Prego que comenta a participación dos deportistas nas diferentes disciplinas baseándose na documentación e actividades do calendario federativo remitido aos asambleístas e comentando as múltiples modificacións que houbo que realizar debido a situación COVID. Expone as actividades realizadas nas diferentes disciplinas co número de participantes en cada unha delas e os cursos e actividades de tecnificación realizadas.



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

### • Peché de Contas do ano 2020

O Sr. Evaristo Fandiño comenta o estado das contas do ano 2020, explicando tamén o resultado da auditoría pasada do año 2019, que expresa un reflexo fiel das contas e do patrimonio, cunha pequena salvedad na valoración dos activos no que aparece unha diferenza de valoración de 6.000€. Destaca o resultado atípico das contas debido a situación producida polo COVID, comentando os valores das contas que resaltan polo seu importe, inversións, gastos e tesoureira. Información presentada aos membros da Asemblea nos balances emitidos.

O resultado das contas deste ano aportado polo Tesoureiro Sr. Fandiño implican un superavit de 38691,48 Euros.

O Sr Raul Leiros solicita información sobre os gastos en equipación de técnicos e a distribución destes equipamentos, ao que o Sr. Puch lle comenta a situación atípica deste ano e que lle serán entregados na medida do posible.

A Sra. Josefina Maestu comenta que debe haber un erro na asignación de unha conta de gastos de reunión estatal de sendeirismo, ese gasto debe pertencer a reunión de técnicos de sendeiros, xa que non se celebrou a reunión estatal. O Sr Fandiño toma nota para facer a comprobación, que non supon cambio no resultado anual das contas.

As contas son aprobadas por unanimidade con 12 votos a favor.

### • Orzamentos para o ano 2021

O Sr. Adolfo Puch comenta aos presentes o orzamento 2021 coas modificacións expresadas no acta anterior. O Sr Merino Encinas comenta que a compañía aseguradora abonou unha cantidade de 0,77€ por licenza. O Sr. Garrido comenta a posibilidade de descontalo das licenzas infantis do 2022. O Sr. Puch lle comenta que os importes resultantes serán devolto a cada club nos pagos das licenzas do próximo ano para que cada Club os aplique como deseñe.

Todos os asembleistas quedan conformes coa fórmula para abonar estes importes

### • Calendario 2021 e organización de Actividades para 2021

O Sr. Puch comenta a nova situación do calendario ata final de ano debido a situación actual polo COVID. Envíouse o calendario a todos os Asembleistas, onde de un total de 65 actividades foron rescatadas 31 que foron aprobadas pola Comisión Delegada. A Sra. Maestu comenta que non existe o campionato de escalada bloque inf-xuv e solicita que se intente incluir con autorización da Comisión Delegada unha proba de Copa de escalada

Este calendario continua sendo unha previsión, xa que é existe a posibilidade de que cambien as condicións sanitarias e non se poidan realizar todas.

### • Regulamentos FGM

O Sr. Adolfo Puch comenta a aprobación dos Regulamentos de Marcha Nórdica e as modificación no regulamento de Escalada infantil aprobados na reunión de Comisión Delegada.

O Presidente Sr. Puch comenta que se está a preparar un Regulamento de Licenzas federativas que é preciso presentar a Xunta de Galicia antes do 31 de xullo e que será presentado en breve a Comisión Delegada para a sua aprobación.

O Sr. Carlos Garrido comenta algúns errores na redacción dalgúns artigos que se achacan a posibles fallos de traducción debido a que ese regulamento é unha copia do da FEDME adaptado a FGM. Artigos que serán corregidos e presentados de novo en comisión Delegada.

### • Información sobre conflicto coa federación de Atletismo

O Presidente Sr. Puch comenta a situación do conflicto coa Federación de Atletismo tanto a nivel autonómico como nacional, e solicita aos membros da Asemblea o seu apoio, para que se fora preciso realizar calquera tipo de acción legal para a resolución deste problema.



## FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10  
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07  
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

A Asemblea da o seu apoio ao Sr. Presidente da FGM para realizar calquera tipo de acción legal que sexa necesaria con 11 votos a favor 1 abstención e 0 votos en contra.

- **Rogos e preguntas**

O Sr. Garrido comenta que en Galicia non se regulou a Lei de servizos do deporte e que é posible que no momento que se regule aparezan interferencias de outras entidades nas actividades dos Clubs. O Sr. Adolfo Puch lle aclara que según o comentado co Sr. Lete ese proceso está parado, e que ainda non foi desenvolvido. O Sr. Garrido responde que se deberá de realizar algún tipo de actuación para prevenir o que poida pasar, e non se produza unha situación complicada. O Sr. Garrido comenta que se está a producir unha situación parecida cos parques eólicos e que trasladou un escrito a FEDME para que consulte, e faga ver a súa preocupación sobre a situación dos parques eólicos. Tamén solicita que debido aos cambios nas restrición COVID se active o uso dos refuxios. O Sr. Garrido destaca tamén a necesidade da figura de monitor de club para seguimento de actividades en centros sin ánimo de lucro.

O Sr. Raul Leirós solicita a inclusión das actividades de barrancos no seguinte calendario de actividades.

O Sr. Xan Ramírez solicita que a FGM se posicione respecto a proliferación dos parques eólicos. Comenta en calidad de Vogal de Marcha Nórdica da F.G.M. que na proba de Marcha Nórdica se presentará unha selección galega e un seleccionador de esta disciplina.

A Sra. Fini Maestu solicita a posibilidade de incluir a escalada no deporte escolar e poñer o nome da Xunta de Galicia en todas as copas e campionatos segundo o Ap.4.2.5 do convenio. Solicita tamén a realización de un curso de árbitros de escalada debido a escasez e baixa disponibilidade destes.

Dase por concluída a Asemblea Ordinaria as 13:00h

Adolfo Puch Domínguez  
Presidente

Manuel Domínguez Iglesias  
Secretario Xeral